



Título: *E-learning, corporate learning*
Autor: Íñigo Babot
Editorial: Gestión 2000, Barcelona, 2003
Núm. pp.: 142
Tamaño: 12,9 x 20

Outro libro máis, o número oito da colección Los libros de infonomía.com adicada á nova economía, que se achega a un tema de actualidade hoxe en día: o ensino a través dos novos medios.

Internet, a televisión dixital interactiva, a teleconferencia, e os modernos sistemas de información, en xeral, abren un amplo abano de posibilidades para o ensino que nunca antes existira e completan de xeito extraordinario e moi potente as actuais ferramentas docentes.

No libro do que estamos a falar abórdase todo isto centrándose, en concreto, no e-learning (o ensino electrónico a distancia). A obra é froito dun intenso traballo en rede: dezanove acreditados expertos no tema, de nove países distintos, colaboraron desinteresadamente co autor achegando os seus extensos coñecementos, asesoramento e tempo para axudar na redacción do texto final.

Moitos especialistas coinciden en afirmar que na actualidade do e-learning

falan moitos pero poucos saben; ás veces tense a impresión de que se trata dun destes temas que alguén puxo de moda porque hai que inventar algo para vender, pero a verdade é que se trata dun aspecto fundamental para os ensinantes, e mesmo para as empresas en xeral.

Neste mundo en constante transformación non é tan importante que alguén explique o que sabe, quizais sexa máis crítico que explique o que vai aprendendo conforme o vai facendo. Pois ben, Íñigo Babot, profesor da Universitat Ramón Llull e director xeral da editorial Geoplana, entre outras cousas, é unha destas persoas que comparten o que van aprendendo. Ademais, o manual elaborado non se centra na tecnoloxía en si mesma, senón que afonda en cuestións máis básicas: ¿como aprenden as persoas? e ¿como estas novas ferramentas educativas poden ser adaptadas para facilitar o proceso? O autor non as ve substituíndo ás formas tradicionais de educación, senón máis ben complementándoas.

No capítulo primeiro expón brevemente as características principais do proceso cognitivo do ser humano: ¿como aprendemos e como se nos debe ensinar? Reflexiona sobre o ensino con métodos tradicionais e cos novos tipos de docencia.

Os capítulos dous, tres e catro configuran un bloque adicado á oferta formativa tradicional, e neles principia facendo unha reflexión sobre o desenvolvemento do ensino nos últimos dous mil anos, para posteriormente pasar a analizar o tema do e-learning no século XXI, deténdose nunha relación de pros e contras da docencia virtual, que se amosa imparabile xa que en pouco tempo, segundo se prevé, estaremos todos usando decote estas técnicas.

A palabra clave coa que se traballa é "completar", non substituír e, así, un dos datos que se nos presenta é que a educación nun 20% presencial e un 80% virtual resulta ser a máis productiva e eficaz, xa que, de feito, o alumnado precisa necesariamente unha titoría virtual. Como di o autor "o e-learning non é un piloto automático que se conecta e o sistema funciona por si só", cómpre tratar individualmente a cada participante, estar ao seu carón, respostar as súas preguntas, facer un seguimento da súa progresión, avalialo, etc.; e hoxe, din os expertos, a tutorización virtual estase a facer bastante mal porque se lle presta pouca atención e esta é a principal causa de que non se lle aproveite toda a súa potencialidade ao ensino virtual.

No capítulo cinco expóñense os últimos avances en formación virtual e os resultados obtidos ó aproveitar toda a

potencialidade das novas tecnoloxías. Preséntase unha síntese das aplicacións incluídas nas mellores e máis completas plataformas de ensino virtual; en concreto analízanse as últimas versións do Learnig Space, WebCT e Blackboard, tres dos soportes lóxicos de docencia virtual máis importantes e máis utilizados internacionalmente.

Nos dous últimos capítulos coméntase a situación do e-learning no mundo, e especialmente en España; fálanos de iniciativas españolas destacadas, mesmo no ámbito europeo, como o da Universitat Oberta de Catalunya (UOC) ou o Instituto de Empresa de Madrid, ademais de relatar numerosos casos reais de timos e compañías pouco serias que existen neste sector e que están a vender cursos-lixo, o que constitúe un verdadeiro freo para a expansión do sistema.

Finaliza o volume coas opinións dadas por varios prestixiosos expertos internacionais en e-learning do mundo académico e empresarial, como resposta á solicitude feita polo autor para participar no libro. Son especialmente interesantes porque abarcan un amplo abano de países ben representativos da situación actual: os EE UU, México, Alemaña, Arxentina e o Xapón. Resulta curioso ler que, segundo as previsións feitas para este ano, a metade do presuposto que as compañías americanas gastarán en formación utilizará, en parte ou totalmente, internet como canle de comunicación; ou que, pola contra, os países asiáticos teñen desvantaxes naturais para o uso da rede, debido aos distintos caracteres da súa escritura. Isto, unido a unha tradición de educación superior

moi conservadora, fai que por exemplo o Xapón —pese a ser un país tecnoloxicamente avanzadísimo— teña unha penetración de e-learning moi inferior á media europea; sen embargo si existe un uso frecuente da videoconferencia, e máis de 120 universidades xaponesas comparten clases con centros dos EE UU, Francia ou Alemaña.

Coinciden os expertos en que, en dez ou quince anos, o sistema pedagóxico dos

países occidentais se instrumentalizará de xeito virtual, entre un trinta e cinco e un cincuenta por cento. Así que, do e-learning imos oír falar cada vez máis, porque internet achega enormes posibilidades de transformar o xeito de aprender (seguramente non descubrimos polo de agora a mellor maneira de facelo). Quédanos moito por saber, e neste libro apúntanse algúns camiños que resultan moi estimulantes para o lector inqueda.

Francisco Javier González Álvarez
Instituto Xermán Ancochea Quevedo
A Pobra de Trives

